

7.- A ARTE ISLÁMICA EN AL-ANDALUS.

INTRODUCCIÓN: ORIXES DA ARTE ISLÁMICA.

A civilización islámica, desde o punto de vista cronolóxico, é a máis nova de todas as culturas e relixións do Mediterráneo, comenzando a falarse de ela a partir do seu profeta Mahoma, a principios do s.VIII.

Non entanto, no que a arte se refire, **haberá que esperar ata principios do s.VIII**, momento de gran difusión da relixión islámica, **para falar das primeiras manifestacións artísticas que terán na Idade Media o seu período de maior vitalidade.**

A importancia dos árabes no futuro de Occidente, é evidente desde diferentes puntos de vista: político (división da unidade mediterránea), relixioso (Cruzadas cristiáns, Reconquista) e socio-económico (aparición do feudalismo). Por iso moitos críticos e historiadores falan do s.VII como a data de comenzo da Idade Media.

Persia, Bizancio e a Península Ibérica, serán os tres focos principais do seu dominio militar e territorial, baseado no concepto coránico da guerra santa e na inestabilidade ou debilidade política dos pobos conquistados. **A dominación musulmana, é de todos os modos bastante tolerante cos pobos sometidos, sobre todo cos do “Libro Revelado”, os monoteístas**, como xudeos, cristiáns e persas, exemplo diso vai a ser a convivencia en Al-Andalus.

A arte islámica ou musulmana, non vai a ser pois unha arte uniforme, xa que o espazo na que se desenvolve é moi extenso (desde a Península Ibérica ata a India), **añando un colectivo de pobos sometidos que van a exercer cada un deles o seu influxo. Por iso non podemos falar de arte árabe**, xa que este pobo, carente de tradición artística non foi quen o creou.

A arte islámica desenvólvese ó longo de dez séculos (VII-XVII) e surxe marcada por unha nova relixión baseada na oración e non no sacrificio, por iso ten a Mesquita como edificio fundamental.

CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DA ARTE ISLÁMICA.

A arte islámica é unha arte esencialmente estrutural, **baseado na arquitectura e na decoración**. As artes figurativas (escultura e pintura), son moi escasas, xa que **a doutrina musulmana prohíbe todo tipo de representacións figurativas e imaxes**, levando ós artistas a fuxir da imitación da natureza e invitándolles a esaxerar as formas a través do xeometrismo e a abstracción.

A arquitectura islámica, é pois unha síntese de elementos bizantinos (luxo e exuberancia decorativa dos materiais), **orientais** (xeometrismo arquitectónico dos pobos mesopotámicos) e **cristiáns** (edificio relixioso).

Os edificios adoitan ser de pouca altura, en constante harmonía coa paisaxe, integrándose na natureza. **Os materiais máis utilizados son lixeiros, o xeso, a madeira, e o ladrillo**, utilizando menos a pedra polo seu grande tamaño e peso, xa que columnas e pilares, xeralmente delgados soportan teitumes lixeiras; as bóvedas usadas pertencen a tipos diversos, sendo

abundantes as de crucería, coa peculiaridade de que os nervios non se cruzan no centro, senón que deixan un espazo cadrado ou varias figuras poligonais.

Por herdanza da arte hispano-goda, adóptase en Córdoba o arco de ferradura, difundíndose a lugares lonxanos pero transformado. Desde o s.X, son constante motivo de decoración os arcos polilobulados e os arcos de ferradura apuntados, que se estenden por todo o ámbito musulmán. Asimesmo, desde Córdoba exténdese o uso de dovelas que alternan de cor ou de superficie.

A arte islámica ofrece un gusto pola decoración interior, sendo grande a influencia bizantina na elección dos temas decorativos, con especial predilección polos vexetais (ATAURIQUES), xeométricos ou de lazo (LAZERÍA), as veces con rede de rombos e arcos entrecruzados, obtendo efectos ornamentais en ladrillo e epigráficos.

Como materiais decorativos empréganse ademáis do xeso, o alicatado (azulexo), cubrindo as ventás con celosías, inundadas con motivos decorativos.

O edificio máis representativo da arte musulmana é a Mesquita, **lugar de reunión da comunidade islámica, cunha planta que responde a un espazo rectangular e continuo, rodeado de muros**, cuxas partes fundamentais son:

- a) O Patio (SAHN), a ceo descuberto e rodeado de arquería, co seu centro ocupado por unha fonte para as ablucións (SABIL), que adoita estar cuberta por un templete, situándose nun dos lados a torre (ALMINAR OU MINARETE), que pode ter diversas plantas, sendo as máis frecuentes a octogonal, a cadrada e a circular. Desde o alto da torre o almuédano chama a oración ós fieis.
- b) A Gran Sala de Oración, dividida en numerosas naves ou salas (HARAM) e que se orienta perpendicularmente ó muro chamado QUIBLA, orientado á Meca (excepto en Córdoba). É un espazo de gran sobriedade, sen apenas decoración e co solo cuberto de alfombras para os fieis.
- c) O Mihrab, nicho aberto no eixe central da Quibla, adoita concentrar o maior luxo decorativo por ser o lugar santo da Mesquita. A súa orixe deriva dos ábsides das basílicas paleocristiás, e ante él sitúase a MAXURA, recinto cercado destinado ó Califa, e xunto a ela o MIMBAR ou púlpito, onde o Imán pronuncia o sermón.

A ARTE ISLÁMICA EN AL-ANDALUS: A MESQUITA E O PALACIO NA ARTE HISPANO-MUSULMANA.

A arte islámica atopa en España a súa máis perfecta evolución, sobre todo en Córdoba, centro político e cultural.

A arquitectura musulmana non se atopaba plenamente constituída no momento da invasión peninsular (ano 711), por iso **foi a arquitectura visigoda a que suministrou modelos e elementos ós arquitectos árabes**.

A arquitectura musulmana na Península podemos dicir que comeza con Abderramán I, ó instaurar o Emirato Independente de Damasco (756-912), época na que se constrúe unha das obras fundamentais da arte islámica, a "*Mesquita de Córdoba*".

O período anterior, o Emirato Dependente de Damasco (711-56), de sumisión ó califa oriental, é unha etapa de consolidación sen interese algún para a arte cordobesa.

Na súa evolución a arte hispano-musulmana abarca varios períodos:

- Período Califal (912-1031): foco principal, Córdoba e a súa mesquita.
- Período de Taifas (1031-90): se desenvolve sobre todo na 1ª metade do s.XI.
- Período das invasións africanas (1090-1232): almorávides e almohades.
- Período granadino ou Nazarí (1232-1492): destaca a “*Alhambra de Granada*”.

O CALIFATO DE CÓRDOBA.

Este período exténdese ó longo dos s.VIII-X, e o seu desenvolvemento coincide cos reinados de Abderramán I, II, III, Alhakem II e Almanzor.

Cos dous primeiros, a arquitectura da mostras de austeridade constructiva, mostrando as seguintes características:

- Utilización do capitel aproveitado ou corintio.
- Arcos de ferradura, apuntados ou non, con alternancia de dovelas (dúas cores) e despiece das mesmas a altura dos riles.
- Arcos lobulados, formados sobre arcos apuntados en número impar, cun lóbulo de ferradura central correspondente a clave do arco. No s.X, época de apoxeo, os arcos entrecrúzanse cun sentido ornamental, olvidando o primitivo sentido constructivo.
- Alfiz ou moldura, resultado da unión do dintel e os soportes, que enmarca os arcos de ferradura nas portas e que vai a ser dobre e con decoración máis abundante no s.X.
- Cúpulas e bóvedas nervadas, resultado da bóveda de crucería, pero sen cruzarse no centro (s.X).

Con Almanzor, na 2ª metade do s.X, a arquitectura volve a austeridade inicial, e ó arco de ferradura con alternancia de dovelas en pedra e ladrillo e arcos superpostos.

“*A Mesquita de Córdoba*”, é a obra máis importante do período califal. É un edificio construído sobre os cimentos e con materiais da “*catedral visigoda de San Vicente*”.

Na súa construción hai que distinguir varias etapas:

- 1ª etapa: reinado de Abderramán I (756-88), na cal se compra ós cristiáns a metade da igrexa visigoda que compartían pacificamente trala conquista e a transforman, cambiando a súa orientación E-O, por outra N-S, substituindo as primitivas cinco naves, por once novas naves. A quibla aparece ó Sur, rompendo coa tradición oriental de colocala ó Leste en dirección a Meca.
- 2ª etapa: reinados de Abderramán II e Mohamed I (s.IX), nos cales derríbase a quibla, ampliando ó Sur a sala de oracións o dobre que ó principio (oito tramos máis), repetando a estrutura anterior, pero labrando máis capiteis. O seu fillo Mohamed I, constrúe a “*Porta de San Esteban*”, unha das máis antigas, cun gran arco de ferradura de dovelas pintadas, enmarcado polo típico alfiz cordobés.
- 3ª etapa: reinados de Abderramán III e Alhakem II (s.X). O primeiro ocupouse das reformas no patio, ó que engadiu pórticos e arquerías, e na torre, convertida en

alminar, similar ós de África pero que na actualidade está agochado por unha torre cristiá de época renacentista.

Alhakem II, **levou a cabo unha nova ampliación no 960**, derribando de novo a quibla e levándoa ata a beira do río Guadalquivir ante o aumento progresivo de fieis na oración do Venres, engadindo 12 tramos máis e incrementando a lonxitude das súas naves, **construindo ademáis o actual mihrab e maxura, coas súas extraordinarias cúpulas, de arcos entrecruzados de procedencia oriental**, musulmana e bizantina.

- **4ª etapa: reinado de Almanzor (finais do s.X)**. Desexoso de deixar a súa pegada e ante a imposibilidade de ampliar ó Sur polo río, faino ó lado Leste con oito novas naves (dous tercios máis), respetando a riqueza e a estrutura decorativa, resultando unha **planta sensiblemente cadrada con 19 naves, o que orixina a perda da posición central do mihrab**.

No s.XVI, destrúense varias fileiras de columnas para construír no seu interior unha catedral cristiá, que rompe totalmente coa unidade e beleza do conxunto.

Este edificio, presenta unhas características específicas, discutíndose incluso o seu orixe, ¿sinagoga xudea, basílica cristiá, casa do profeta Mahoma?, pero o que si é definitivo e a súa función como **lugar de oración e reunión, a pesar de que nun primeiro momento, cumpría non só función relixiosas, senón tamén políticas, socio-económicas e xurídicas**.

No seu interior non hai imaxes sagradas nin obxectos de culto, seguindo a lei Coránica. Como elementos tipolóxicos ou formais desde o punto de vista arquitectónico, destacan no edificio cordobés os seguintes:

- Naves perpendiculares ó muro da quibla, baseadas en series de arquerías con superposición de arcos e soportes: columna abaixo e pilar arriba.
- Arcos inferiores de ferradura (tirantes, soportes) e superiores de medio punto (soportan as cubertas o teitumes de madeira). **Os arcos de ferradura, de “entibo (esteo)”**, **susítuen ós tradicionais tirantes de madeira das mesquitas orientais**, rematando co efecto de provisionalidade, e creando na gran sala unha sensación de espazo infinito.
- Columnas aproveitadas de edificios romanos e visigodos, con fustes de mármore e granito e capiteis de mármore branco de orde corintia e composta, co cimacio, elemento de transición entre columna e pilar.
- Arcos lobulados entrelazados, apoiando os superiores nas claves dos inferiores.
- Utilización de cúpulas de arcos entrecruzados en linternas ou cimborrios, na nave central, na maxura e no mihrab. **Son bóvedas de grosos arcos cruzados en ángulo recto ou oblicuos, pero que nunca se cruzan no centro**, deixando no seu interior espazos cadrados ou triangulares enriquecidos con bóvedas gallonadas ou nervadas. A maxura ten tres **bóvedas nervadas que forman unha estrela de oito puntas**, con trompas para pasar a planta octogonal, mentras que no mihrab atopamos nove bóvedas do mesmo tipo.
- A fachada do mihrab mantén o arco de ferradura por tradición, cun esquema tradicional baseado no alfiz e o friso superposto de arquillos lobulados, con gran sdecoración en xesería e revestimentos de mosaicos ó estilo bizantino. Estamos pois, ante a parte de maior riqueza decorativa e material do edificio.

- A chamada “*capela de Villaviciosa*” (961-66), mostra este rigor estético co seu orixinal entrecruzamento de arcos en forma de pantalla visual, delimitando o espazo próximo ó mihrab.
 - A parte exterior é máis sobria, presentando uns sólidos muros robustecidos con contrafortes, que dividen as fachadas en tramos moi decorados, con dobre alfiz e arcos de diversa factura (lobulados, de ferradura, cegos...).
- O remate é típicamente musulmán, en forma de almenas escalonadas de orixe sirio. O aparello do muro é a sogá e tizón (influxo hispano-romano).

PERÍODO DOS REINOS DE TAIFAS.

O afundimento e disgregación do Califato en reinos de Taifas, supón a aparición de certas novidades artísticas. A imposibilidade de realizar novas e grandiosas construcións ante a falta de medios, trae consigo a **utilización de materiais pobres, tratando de aparentar unha riqueza decorativa externa.**

Os arcos se entrecruzan e complican con gran frecuencia, alcanzando un alto grado de barroquismo, aparecendo unha nova forma, o arco mixtilíneo, característico de esta época. Como obra fundamental deste período, destaca “*a Aljafería*”, de Zaragoza.

PERÍODO DAS INVASIÓNS ALMORÁVIDES E ALMOHADES.

Os pobos norteafricanos, sobrios e austeros, fanáticos e incultos, opóñense ó barroquismo decadente das Taifas e **tratan de impoñer a sinxeleza artística, pero finalmente acaban caíndo nas mesmas formas decorativas.**

As súas aportacións máis novidosas son: o arco de ferradura apuntado, o arco mocárabe, e a decoración mural en base a placas de rede de rombos, formadas por arcos lobulados que cabalgan sobre as claves doutros.

Como obras fundamentais deste período están “*a Mesquita e o Alminar ou Xiralda*” e “*a Torre do Ouro*”, en Sevilla.

PERÍODO GRANADINO OU NAZARITA.

En plena expansión da Reconquista cristiá, Granada convírtese a partir do s.XIII no último reducto musulmán na Península.

A arte Nazarita é o máis barroco de todos os estilos árabes, cun **arte máis decorativo que construtivo**, utilizando como elementos primordiais: arcos interiores decorativos e falsos (armazón de madeira con revestimentos de xeserías), arcos mocárabes, muros cubertos de xeserías, zócalos de cerámica vidriada ou azulexo (alicatados), columna musulmana (con basa, fuste cilíndrico moi fino e numerosos aneis e collarinos na parte superior), e decoración de atauriques e rede de rombos nas paredes.

Nos atopamos ante unha **arquitectura lixeira, onde desaparece o pilar**; unha **arquitectura de interiores con arcos a modo de cortinaxes**, destacando as construcións civís palaciegas.

“A Alhambra de Granada”, do s.XIV (reinados de Yusuf I y Mohamed V), é a obra fundamental do período e **un exemplo perfecto de arquitectura civil**, situada nunha das estribacións de Serra Nevada as beiras do Darro, afluente do Xenil; nela demostrase a opulencia na que vivían os reis nazaríes, no medio dunha **arquitectura integrada na natureza que ofrecía unha visión de fantasía e imaxinación ó espectador**.

O edificio actual constrúese sobre unha primitiva fortaleza do s.XI, cun carácter defensivo, pero será Mohamed I, o que leve a cabo a súa transformación construtiva no s.XIII, coa realización da ALCAZABA ou fortaleza, e a TORRE DA VELA. Xa no s.XIV, Yusuf I, constrúe o palacio propiamente dito, que será continuado polo seu sucesor Mohamed V, na 2ª metade do século, apostando pola ostentación decorativa.

A planta tan complexa da Alhambra, pode articularse en tres unidades fundamentais que aparecen en todos os palacios musulmáns:

- a) MEXUAR.- Lugar aberto a todo o mundo desde o que o sultán administra xustiza e recibe ós súbditos.
- b) DIWAN.- Lugar para as recepcións, onde se atopa o salón do trono.
- c) HARIM.- Lugar privado, coas habitacións do príncipe.

O edificio consta pois, dun sinfín de variadas dependencias, sendo construídas as edificacións de maior interese no s.XIV, conseguindo unha grande integración do palacio e da fortaleza na paisaxe.

A zona da Alcazaba, destínase a unha función militar, mentras que **as dependencias interiores dos palacetes sirven de residencia a unha multitude de servidores e ó soberano real**, ademáis do harén familiar. Fronte ós espazos de carácter público e oficial, **nos atopamos con pequenos espazos secretos e íntimos**, que serven en moitos casos como oratorios, ante a falta de mesquitas no recinto arquitectónico.

Nunha visión xeral da estrutura do recinto, atopamos os seguintes conxuntos en planta:

- 1) Zona fortificada ou Alcazaba.- Cunha extensa muralla de 1400 metros que envolve o conxunto, sendo en algún lugares dobre e con patio interior.
- 2) Casa Real Vella.- Consta de tres partes: CUARTO DE MACHUCA, MEXUAR E CUARTO DORADO.
- 3) Cuarto de Comares.- Formado polo PATIO DOS ARRAIÁNS, SALA DA BARCA e SALA DE COMARES ou DOS EMBAIXADORES.
- 4) Cuarto dos Leóns.- Arredor do PATIO DOS LEÓNS, dispoñéanse diferentes salas: SALA DOS MOCÁRABES, SALA DOS ABENCERRAXES, SALA DOS REIS e SALA DAS DÚAS IRMÁNS, todas elas con fermosos miradores.

Na disposición xeral obsérvanse pois **dous esquemas, un asimétrico e en xustaposición**, correspondente a Casa Real Vella, e **outro baseado na contraposición de eixes lonxitudinais entre os dous cuartos principais**, o de Comares e o dos Leóns.

A vida desenvolvíase en torno a dous grandes patios: o PATIO DA ALBERCA ou DOS ARRAIÁNS (centro do Diwan) e o PATIO DOS LEÓNS (centro do harim). **O patio constitúe a**

célula central da composición arquitectónica, servindo como foco ou eixe en torno ó cal se sitúan todos os demais componentes.

O CUARTO DE COMARES (comaría= vidrieras de cores), está en torno a dous patios:

1.- PATIO DE MEXUAR, con arquerías nun só dos seus estreitos frentes.

2.- PATIO DOS ARRAIÁNS, **cun longo estanque central** (alberca), **de forma rectangular, con fontes nos seus extremos e pórticos sobre columnas nos seus frentes máis estreitos** (seis arcos en dous tríos e arcada central que permite a visión da SALA DA BARCA), con arcos peraltados sen función construtiva.

A auga cumpre aquí un papel fundamental, aumentando as perspectivas, xa que reflicte a imaxe da torre e os muros laterais ós que dan as portas e ventas do harén establecido no piso alto, **refrescando o ambiente e enchendo de lirismo a arquitectura**.

O estanque aparece flanqueado ó longo do seu eixe maior por setos de arraiáns. As columnas presentan un **fuste liso con aneis e capiteis de grande orixinalidade**. Na fronte Sur, ábrese o pórtico sobre o palacio de Carlos, obra renacentista do s.XV, que destruiu parte da obra árabe, pero sen romper a unidade de conxunto tan agresivamente como en Córdoba.

3.- SALA DE COMARES ou SALÓN DO TRONO (DE EMBAIXADORES), dentro da TORRE DE COMARES, precedidos pola SALA DA BARCA, estreita e longa, chamada así pola forma da súa cuberta.

Aparecen na fronte estreita Norte, cara o río, e constitúen unha grande habitación cadrada, con moi grosos muros ós que se abren ocos e ventas, un dos cales é o salón do trono propiamente dito. É a *“sala das audiencias”*, **co zócalo alicatado e a parte superior de xeso policromado, coa típica ornamentación de ataurique**.

Os capiteis das columnas son almohades, cunha forma prismática cuberta de mocárabes. **Nos frisos obsérvanse inscricións informativas** que nos mostran unha *“arquitectura literaria”*, a través de **expresións piadosas ou citas coránicas de grande fidelidade ó Islam**.

O CUARTO DOS LEÓNS, sitúase arredor do patio do mesmo nome, que por influencia dos patios cristiáns ten pórticos nas súas catro frontes.

4.- PATIO DOS LEÓNS, que **presenta a tipoloxía de cruceiro coa fonte no centro e con dous pabellóns nos lados menores que conectan a arquitectura co exterior**, e que se sosteñen en finas columnillas sobre as que caen o prolongado voo dos aleiros e as leves arquerías de mocárabes. No centro, a pila dos doce leóns de mármore (símbolo zodiacal), onde se leen uns versos alusivos *“a auga como don do sultán ós seus leais súbditos”*.

As figuras son de gran tosquidade, e teñen unha función de surtidores; foron realizados no s.XI e **simbolizan o paraíso e o estanque ó océano como fonte da vida**, confluindo cara él catro canles, correspondentes os catro ríos do paraíso.

5.- SALA DOS REIS, SALA DOS MOCÁRABES, SALA DOS ABENCERRAXES e SALA DAS DÚAS IRMÁNS (MIRADOR DE DARAXA), son a proxección do espazo arquitectónico interior cara o exterior, a través dos **falsos arcos de mocárabes nos frentes menores, ou dos miradores con ventás de arcos xemelgos abertos ós xardíns.**

No interior atopámonos **con cubertas de cúpulas deslumbrantes de mocárabes xunto a belos artesanados de madeira e bóvedas decoradas con historias de reis**, moitas delas estreladas, onde a luz repártese en mil impactos, creando un efecto misterioso de *“gruta encantada”*.

Como complemento da Alhambra, están *“os xardíns do Xeneralife”*, residencia veraniega dos reis nazaríes en contacto íntimo coa natureza onde os sultáns gozaban de soidade e illamento, nun **ambiente paradisíaco debido a abundancia de esveltas árbores de sombra abundante e a auga que fluía a través das fontes.**

Estos xardíns presentan unha estrutura continua co Palacio Real da Alhambra.